

Eva Mejuto: "Con esta obra pretendo facer partícipes ás crianzas de todas as loitas de Begoña Caamaño"

Eva Mejuto (Sanxenxo, 1975) reconstrúe en *Os fíos de Begoña* (Xerais) a vida de Begoña Caamaño, homenaxeada polo Día das Letras Galegas de 2026. É un álbum ilustrado que percorre a infancia, o activismo e a vida literaria e xornalística da autora. Un retrato sensíbel que tece memoria, compromiso e legado para as persoas máis novas.

Sergio Casal 28 de xaneiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/eva-mejuto/20260128222515245669.html>

—Por que contar a historia de Begoña Caamaño a través dun álbum ilustrado?

Para min o álbum ilustrado é a modalidade narrativa máis atractiva e estimulante para as crianzas. Contar unha historia coa combinación de texto e imaxes paréceme como autora moi divertido; e, como lectora de álbum ilustrado, penso que é un formato ao que se lle pode sacar moito partido.

—Que lle permitiu expresar que non cabía nun relato máis convencional?

Nun álbum ilustrado o texto permite narrar os feitos e as ilustracións van máis á parte afectiva. O texto é moi breve e a ilustración ten o labor de amplificar toda a información e permite facer metáforas visuais, como neste caso, que son bastante potentes. Permite unha lectura máis profunda, con moitas capas. Os máis pequenos comprenderán unha cousa e os maiores, outra. Esta é unha lectura na que caben moitas lecturas.

—Que achegan as ilustracións de Nuria Díaz á obra?

Os fíos de Begoña teñen a ver con varias cousas. Como punto de partida, gustoume moito a metáfora do fío como elemento de unión vital que se dá en moitas mitoloxías e culturas. Os fíos tamén se usan na costura e para tecer redes de todo tipo a nivel simbólico. E esta idea sobre o fío que eu narro coas palabras Nuria fixo que aparecese en todas as ilustracións, enfiando as etapas da vida de Begoña.

A maiores, a nai de Nuria é costureira e o fío simbólico é tamén un fío físico. Hai partes tecidas dentro do libro que esteticamente funcionan moi ben, pero simbolicamente tamén. É unha maneira de completar o sentido do punto de partida desta historia.

—Como se traduce unha vida tan comprometida no xornalismo, no activismo e na literatura a un formato pensado para a xuventude?

É un tanto complicado, non tanto pola vida de Begoña, senón pola súa obra. Este álbum vai pensado para crianzas de até oito ou nove anos e ela non ten unha obra pensada especificamente para este público infantil. Entón, hai que centrarse no seu imaxinario, na súa traxectoria vital, na súa filosofía de vida, no seu compromiso e nos seus valores. Iso é algo que si pode conectar.

A maneira que eu atopei de contar esta historia para este público ten a ver tamén coa curiosidade da Begoña nena, lectora, intrépida, aventureira, xogadora, e coa viaxeira e xornalista curiosa e comprometida. Todas as arestas que Begoña tiña na súa personalidade. Penso que as crianzas si poden empatizar con iso, seren quen de entender o valor que ten esta figura alén do literario, tamén no persoal.

—Que pode achegar esta biografía ilustrada á celebración das Letras Galegas de 2026?

Quixen facer partícipes ás crianzas de todas as loitas de Begoña Caamaño. Pola lingua, polo feminismo, pola liberdade, pola igualdade, pola creación literaria, polos espazos das mulleres... Quero que comprendan esta maneira de ver o mundo que é crítica e construtiva para a nosa lingua, evidentemente, pero tamén para o mundo en xeral. O que eu pretendín foi ampliar o público lector de Begoña e que sexa quen de compartir a riqueza da súa figura.